



Con data 11 de xullo publícase no Boletín Oficial do Estado a Orde de 3 de xullo de 2001 pola que se amplían as titulacións de acceso ó 2º ciclo da Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. Asemade, no anexo á Resolución Rectoral de 12 de xullo de 2001 pola que se establece a convocatoria de acceso ó segundo ciclo para o curso 2001/2002 advertiuse erro no referente ós complementos de formación para o acceso ó segundo ciclo da Licenciatura en Filoloxía Románica.

E POLO EXPOSTO QUE ESTE RECTORADO RESOLVEU:

UNICO.- Modificar o anexo á Resolución Rectoral de 12 de xullo, pola que se establece a convocatoria de acceso ó segundo ciclo para o curso 2001/2002, do seguinte xeito.

a).- Incluir, entre as titulación que dan acceso ó segundo ciclo da Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, ó primeiro ciclo da Licenciatura en Ciencias do Mar. Os alumnos con titulación de acceso deberán cursar, de non telos cursados, os seguintes complementos de formación:

- Análises Clínicos	6 créditos
- Bioquímica	6 créditos
- Química Orgánica	6 créditos
- Enxeñería Química	6 créditos
- Química Inorgánica	4 créditos
- Fisioloxía	4.5 créditos
- Microbioloxía	4.5 créditos

b).- Os Complementos de Formación para o acceso ó segundo ciclo da Licenciatura en Filoloxía Románica serán os seguintes:

- Cando se accede dende o primeiro ciclo dunha Filoloxía Románica:
6 créditos dunha segunda lingua románica distinta da correspondente á titulación de partida.
6 créditos da literatura desa mesma segunda lingua.
- Cando se accede dende o primeiro ciclo dunha Filoloxía non Románica:
6 créditos dunha primeira lingua románica , 6 créditos da literatura correspondente ademais dos 6 créditos da Segunda lingua románica e os 6 da súa literatura correspondente.



Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2001

O RECTOR

Darío Vilanueva Prieto